EXERCICIO DE APOIO

CUESTIÓNS

1. **Inclúe os seguintes autores na súa xeración correspondente:** Manuel Cuña Novás, X.L. Méndez Ferrín, Celso E. Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Antón Tovar, Luís Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Bernardino Graña.

Xeración do 36	Promoción de Enlace	Xeración das Festas Minervais

2. **Indica que liñas temáticas desenvolven fundamentalmente os seguintes autores. Xustifica o anterior citando as obras correspondentes e indica a xeración a que pertencen.**

   — Manuel María .
   — Uxío Novoneyra.
   — Manuel Cuña Novás.
   — Celso E. Ferreiro.
   — Álvaro Cunqueiro.

3. **Le os seguintes fragmentos poéticos e intenta descubrir a que liña temática pertence, autor e xeración. Xustifica a túa resposta con comentarios sobre o contido ou a forma do poema.**

A

Inda non estoun co'ela.
Aínda ún sigue n'el.
Estoun en Compostela
vendo nevar no Courel...

B

¡Outra vez o terror!
un día e outro día,
sen campás, sen protesta
Galicia ametrallada nas cunetas
dos seus camiños [...]

C

...Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos sonos son iguales,
coma un irmáu che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmáu che falo.

D

EU

Digo si, digo non,
ningunha cousa é certa.
Son un longo camiño
que en min ergueu a terra.
Viñen de non sei ónde,
voume a donde me levan
Digo si, digo non
palabras mentireiras...

D

..e olla agora Stephen
qué poucos liberados
do jazz
qué poucos incorporados ás luces ledísimas que anuncian
xa a luz
total....

4. Le o seguinte poema e analiza o recurso estilístico predominante. Xustifica a túa resposta.

TRONOU ventou e choveo.
Bicouse a terra co ceo.
A noite que onte caíu
sólo foi pre quen'a oíu.

Ameteo o río. Ameteron as fontes
i os fontegallos dos montes.
Naz'a auga a golforón.
Regan os prados a cachón.

Os eidos, **Uxío Novoneyra**

5. A poesía no exilio: autores e obras máis importantes.

SOLUCIÓNS:

1. **Inclúe os seguintes autores na súa xeración correspondente:**

Xeración do 36	Promoción de Enlace	Xeración das Festas Minervais
- Aquilino Iglesia Alvariño - Luís Pimentel. - C.Emilio Ferreiro. - Álvaro Cunqueiro.	- Antón Tovar - Luz Pozo Garza. - Manuel Cuña Novás.	- X.L. Méndez Ferrín. - Manuel María. - Uxío Novoneyra. - Xohana Torres. - Bernardino Graña.

2. **Indica que liñas temáticas desenvolven fundamentalmente os seguintes autores. Xustifica o anterior citando as obras correspondentes e indica a xeración a que pertencen.**

— **Manuel María:** Cultiva tanto poemarios dentro da liña existencialista como paisaxista, como dentro da denuncia social –poesía social- que amosa a situación que vive Galicia a través do humor e da retranca. A esta última liña pertencería o seu libro *Documentos persoaes* (1958). Manuel María pertence á Xeración das Festas Minervais.

— **Uxío Novoneyra.** Poeta da Xeración das Festas Minervais. Cultiva poesía paisaxística na liña de Noriega Varela e A, Iglesia Alvariño, pero cun ton máis existencial, onde aparece a soidade ante a natureza que se entrega á reflexión sobre a vida e a morte. Concretamente Uxío Novoneyra presenta a súa paisaxe do Courel vivida intimante, contemplada e humanizada. Esta liña paisaxística está presente entre outros no seu libro: *Os eidos* (1955).

— **Manuel Cuña Novás:** pertence á Promoción de Enlace, e o seu poemario *Fabulario novo* (1952) está na liña existencial que cultiva. A dor, o desacougo, a angustia e a soidade humana son os temas presentes neste poemario que é o precedente da Escola da Tebra.

— **Celso E. Ferreiro:** Pertence a Xeración do 36 e co seu poemario *Longa noite de Pedra* (1962) inclúese totalmente na liña da poesía socialrealista, onde nos atopamos cun autor comprometido cos homes e con Galicia. Mais ao carón deste poeta social C. E. Ferreiro tamén amosou a súa vea máis lírica e intimista noutros poemarios como *O soño sulagado* (1955), onde recrea con nostalxia o seu pasado: a terra natal, a infancia, o amor... aínda que tamén atopamos poemas de crítica social.

— **Álvaro Cunqueiro:** Pertence á Xeración do 36 e no seu poemario *Dona do corpo delgado* continúa coa liña neotrobadoristica comeza na década anterior, aínda que este poemario xa é menos vangardista. En *Herba aquí ou acolá* (1980) subxectiviza sobre os grandes mitos, reflexiona sobre a presenza serena da dor e da morte. Estamos ante un poemario que vai renovar a poesía galega, e que será o antecedente de moitos poetas de finais do século XX e comezos do XXI.

3. Le os seguintes fragmentos poéticos e intenta descubrir a que liña temática pertence, autor e xeración. Xustifica a túa resposta con comentarios sobre o contido ou a forma do poema.

A) É de Uxío Novoneyra –autor da xeración das Festas Minervais- máis concretamente do seu poemario *Os eidos.* Deducimos que pertence a este autor pola presenza do topónimo "O Courel" xa que el coma ninguén soubo reflectir a paisaxe desa terra luguesa. Neste poema Novoneyra fala da súa estancia en Compostela –onde fixo o servizo militar e pasaba grandes temporadas- e lembra a súa terra natal.

B) Poema de temática cívica – poesía social- de Luís Pimentel, autor da Xeración do 36. A voz poética fala dos asasinatos da posguerra dirixidos aos galeguistas e amosa a submisión por parte destes como así o manifesta o verso "sen campás, sen protesta". Manifesta, pois, o medo e a falta de liberdade de expresión desta época.

Este fragmento pertence a un poema máis longo titulado «Cunetas», un poema novidoso dentro da liña que cultiva Luís Pimentel máis influído polas vangardas.

C) A voz poética fálanos da súa solidariedade cos seus irmáns, que neste caso somos todos os galegos, xa que todos temos a mesma patria, os mesmos sonos e intereses. Trátase dun poema, pois, socialrealista, onde o autor amosa o compromiso coa realidade social que o rodea e el converterase no voceiro do seu pobo e do seu tempo, por iso "a miña mau che dou". Segundo isto é de Celso E. Ferreiro máis concretamente do seu poema "Irmáus" que podemos atopar en *Longa noite de pedra.*

D) A presenza do "Eu" xa nos orienta cara unha poesía existencial. Notable é a angustia e a dúbida "digo si, digo non". O ton pesimista "son un longo camiño", as preguntas indirectas "non sei ónde", "a onde me levan", todas estas dúbidas existenciais orientanos cara á poesía cultivada na época da Promoción de Enlace, máis concretamente a Antón Tovar. Este poema pertence ao seu poemario *O vento no teu colo* (1974)

E) A presenza do versolibrismo, alternando a dicción entrecortada co versículo beat xa nos orienta ao seu autor: Xosé Luís Méndez Ferrín, autor pertencente á Xeración das Festas Minervais, máis concretamente ao Grupo Brais Pinto. Estamos ante unha poesía onde hai un afán experimentador con presenza de elementos culturalistas como é o caso da música jazz.

4. Le o seguinte poema e analiza o recurso estilístico predominante. Xustifica a túa resposta.

*TR**O**N**O**U vent**o**u e ch**o**ve**o**.*
*Bic**o**use a terra c**o** ce**o**.*
*A n**o**ite que **o**nte caíu*
*s**ó**l**o** f**o**i pre quen'a **o**íu.*

*Amete**o** **o** río. Ameter**o**n as fontes*
*i **o**s fontegall**o**s d**o**s m**o**ntes.*
*Naz'a auga a g**o**lf**o**r**ó**n.*
*Regan **o**s prad**o**s a cach**ó**n.*

Temos a reiteración desmesurada dun mesmo fonema /o/ que evoca a sensación da escuridade, da negrura que evoca o trebón e a chuvia que cae torrecialmente: "golforón". Trátase do fonosimbolismo. Recurso moi empregado por Uxío Novoneyra.

5. A poesía no exilio: autores e obras máis importantes.

O xénero máis cultivado no exilio foi a poesía e os autores máis salientables son:

Luís Seoane (Bos Aires, 1910 – A Coruña, 1979): Avogado, pintor, ilustrador, guionista, locutor e poeta foi un dos máis destacados activistas no exilio. Xunto con Castelao promulgou un galeguismo político de base marxista que non foi moi ben acollido polo galeguismo da Galicia interior nucleado arredor de Galaxia.

Escribe os seguintes poemarios: *Fardel do exiliado* (1952), centrado na emigración; *Na brétema, Sant-Iago* (1956), no que evoca a Galicia medieval; *As cicatrices* (1959), de temática histórica; *A maior abondoamento* (1972) no que trata a emigración, o civismo e a recreación histórica.

Lorenzo Varela (A Habana, 1916 – Madrid, 1978)

Afiliado ao Partido Comunista e participante na fronte republicana na Guerra Civil, ten que exiliarse e en 1940 chega a México onde participa en diferentes actividades culturais, xunto con Seoane e Arturo Cuadrado. Publica *Catro poemas pra catro gravados* (1944), ilustrado por Seoane e prologado por Cuadrado, desenvolve cadros de personalidades históricas galegas: María Pita, María Balteira, Roi Xordo e mais o bispo Adaulfo.

Pero, sen dúbida, a súa obra máis significativa é *Lonxe* (1954). Dúas temáticas dominan o poemario, unha mítico-histórica centrada na Guerra Civil e as súas consecuencias e outra nucleada ao redor da ausencia da Terra, o exilio e a saudade que provoca ese estrañamento.

Emilio Pita (A Coruña, 1909 – Bos Aires, 1981)

Colaborador de prensa, organizador de conferencias e actividades literarias diversas, escribe en 1942 o seu primeiro poemario: *Jacobusland.* Ilustrado por Castelao, trata da traxedia da Guerra Civil española. Séguenlle *Cántigas de nenos* (1944), *Os relembros. As cantigas* (1959), *O ronsel verdegal* (1964), *Serán* (1974) e *Polos camiños do pobo* (1963), obra póstuma escrita para un concurso literario.

Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo de Valdeorras, 1903 – México, 1987)

Exiliado en México, foi un dos directores da revista Vieiros. Principiou a súa obra ligado á estética hilozoísta de Amado Carballo –a que se manterá moi fiel- co libro Bebedeira (1934). En *Galicia infinda* (1953) recolle boa parte da súa obra posterior, no que aparecen desde evocacións paisaxísticas da Terra da que está ausente, de ton formalmente próximo ao modernismo, ata o exotismo dos seus «Poemas mexicanos».

Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911 – Lisboa, 1994)

Profesor e catedrático da Universidade de Nova York, escribe en galego reintegrado *Lua além-mar* (1959) e *Río de sonho e tempo* (1963), con influencias vangardistas.